



Lección 2: Liñares


Aldea - Parroquia - Concello - Provincia

Liñares - Baíste - Avión - Ourense

Liñares: Comarca do Ribeiro. Arredor de 140 habitantes.

Lugares de interese: Fervenza da Feixa, Fervenza do Rego de Riobó, Acueducto de Barroso, Eira de Cendós, Mirador de Avión.

Festas e celebracións: Festa Mexicana (na honra das persoas que emigraron a México. Celébrase en agosto).




Ermida de Santa Sabela

Lingua e sociedade: a variante dialectal


Liñares pertence ao bloque central

Características dialectais:

- Ausencia de gheada
- Ausencia de seseo (agás o implosivo: lus, des)
- Terminación en -ao(s) para o masculino e -á(s) para o feminino: irmao -irmá
- Plural en -s: aviós, camiós
- Pronome suxeito **tu**



Vocabulario: as entidades de poboación



1. Comunidade autónoma

2. Capital

3. Provincia

4. Cidade


5. Concello

6. Comarca

7. Vila

8. Parroquia

Vocabulario: as entidades de poboación



9. Aldea – lugar –barrio

10. Ponte

11. Autoestrada

12. Estrada

13. Porto

14. Aeroporto

15. Vía férrea

Unha curiosidade...



Liño - Liñares

O topónimo Liñares é un fitotopónimo que deriva de 'liñar', que significa "terreo dedicado ao cultivo do liño".

A orixe do topónimo suxire que historicamente a zona puido ser importante para o cultivo desta planta textil.

Ocórrensevos outros topónimos que teñan relación con algunha característica do lugar ao que nomean?

Recomendación

Nomenclátor de Galicia

Nomenclátor de Galicia. Busca directa

 Busca guiada

Escriba como mínimo 3 caracteres en concello, parroquia ou lugar.

Despregarase unha lista cos topónimos que conteñen eses caracteres. Se desexa obter a lista completa de todos os topónimos dunha provincia ou concello selecciónelos no primeiro campo.

Tamén pode empregar a opción de [busca guiada](#).

Provincia ^	Concello ^	Parroquia ^	Lugar ^
Seleccio... ▼	Escriba mínimo 3 caracter	Escriba mínimo 3 caracteres	Escriba mínimo 3 caracter
Limp			Buscar